

II Gran Premio **AGALCARI** I Regata de velas cangrexas

Cabo da Cruz, Boiro
5 e 6 de xullo de 2014



Organiza



Patrocina



Colaboran



II GRAN PREMIO AGALCARI

I REGATA DE VELAS CANGREXAS

Cabo de cruz, Boiro 5 e 6 de Xullo de 2014 ANUNCIO DE REGATA

O **II GRAN PREMIO AGALCARI – I REGATA DE VELAS CANGREXAS** está organizada polo Club Náutico de Boiro – Marina Cabo de Cruz, coa colaboración de Agabace, co patrocinio de Agalcari e o Concello de Boiro e que se celebrará os días 5 e 6 de Xullo de 2014.

PROGRAMA:

<u>DATA</u>	<u>HORA</u>	<u>ACTO</u>
5 de Xullo de 2014	De 09:30 a 12:00 horas	* Apertura Oficina de Regatas. * Recepción de participantes * Xornada de portas abertas
	12:00 a 13:00	* Charla “Apuntes en torno á historia da vela cangrexas” impartida por D.Luis Tourón Figueroa, vicepresidente de Agabace e profesor da CEU. * Charla “O trimado dos aparellos de vela cangrexas” impartida por Ramón Albert e Julio Pousa, de Taller de Velería.
	16:00 horas	*Navegación libre de exhibición
	20:00 horas	*Paella mariñeira para tripulantes e armadores
	22:00 horas	*Saída de autobús hacia Boiro para asistir ás festas.
6 de Xullo de 2014	13:00	*Saída da Regata nas inmediacións da Marina Cabo de Cruz
	16:00	*Chegada da regata nas inmediacións da Marina Cabo de Cruz (hora límite para chegada das embarcacións)
	17:00	*Entrega de Trofeos, despedida e ágape

PARTICIPACIÓN

A participación resérvase a barcos de Época, Clásicos ou Tradicionais, e á de calqueira outro barco con aparencia e formas inspiradas nestes barcos, de calqueira material de construción, con cuberta completa e carena de desplazamento, sempre e cando leven un **aparello de vela cangrex**a.

Tódolos barcos participantes deberán ter un certificado de **rating jch** en vigor. Pode obterse de forma gratuita en: http://www.jch-online.org/GB/feuille_jauge_GB.html

A organización resérvase o dereito de admitir ou denegar a participación de calqueira barco en función destes criterios, á súa propia e única discrecionalidade.

Para calqueira dúbida sobre a obtención ou interpretación do certificado JCH, poden contactar con Agabace no email secretariaagabace@gmail.com, indicando un número de teléfono no que porse en contacto.

INSCRIPCIÓN

A inscrición será obligatoria e formalizarase necesariamente no formulario Oficial adxunto, aportando:

-Fotocopia do Certificado JCH en vigor

-Fotocopia do seguro

As inscricións, xunto coas fotocopias, entregaranse nas oficinas do Club Nautico Boiro – Marina Cabo de Cruz, ou ben por correo electrónico.

CLUB NAUTICO BOIRO – MARINA CABO DE CRUZ

Teléfonos: 981845358 – 622884846

Email: info@nauticoboiro.com

Sendo a data límite de inscrición oficial o 3 de Xullo ás 20:00 horas. O comité organizador resérvase o dereito de ampliar este prazo.

CLASIFICACIÓNS E PREMIOS

As clasificacións faranse de acordo cos tempos compensados que se obterán para cada barco según a fórmula:

TC (tempo compensado)= FTC (de cada barco) x Tempo Real en segundos (de cada barco)

Vencendo o que obteña menor tempo compensado.

Haberá premio para os tres primeiros clasificados.

RESPONSABILIDADE

Tódolos participantes desta regata, fano baixo o seu propio risco e responsabilidade.

O Comité organizador, de Regatas ou calqueira persoa ou organismo involucrado na organización do evento rechaza responsabilidade algunha por perda, danos, lesións ou molestias que puideran acaecer a persoas ou cousas, tanto na terra como no mar, como consecuencia da súa participación.

“É DE EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE DUN BARCO DECIDIR SE PARTICIPA NUNHA PROBA OU CONTINUA EN REGATA” (Regla fundamental 4, DECISION DE REGATEAR, da parte 1 do RRV)

